

XXV PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS”
DISCURSO DE APERTURA

Señor Presidente da Xunta de Galicia, Señor Presidente da Real Academia Galega, compañeiros da Fundación Curros Enríquez e do Concello de Celanova, autoridades, amigas e amigos:

As palabras que vou pronunciar de seguido poden sonar a tóxico. Sen embargo, poden crerme que as estou pronunciando con todo o coñecemento de causa: Hoxe (día no que conmemoramos o 30 aniversario do pasamento de Celso Emilio Ferreiro), para a Fundación Curros Enríquez e para o Concello de Celanova é, sen lugar a dúbidas, un día histórico.

É un día histórico porque nunca en 25 anos de andaina vital deste premio..., (que, como todos vostedes saben, non conta con ningún emolumento económico, pero si cun elevado prestixio cultural que fomos labrando, ano tras ano, a medida que fomos acertando plenamente na gran categoría intelectual dos elixidos). Repito, nunca en 25 anos tiveramos a fortuna de estarmos respaldados polas dúas máis altas instancias que no ámbito institucional e no da lingua hai en Galicia, como son a Presidencia da Xunta e a Real Academia Galega.

Vaia, pois, o meu agradecemento inicial a ámbolos dous presidentes por esta feliz circunstancia, que eu estou seguro que ha servir de punto de inflexión para moitas cousas, pero, sobre todo, para seguir afondando no vello proxecto de converter a Celanova na “vila literaria” que crearon e seguen creando, coa súa obra, os nosos poetas.

A innegable vixencia que, 30 anos despois, mantén intacta a obra de Celso Emilio Ferreiro así no lo demostra e así mesmo nos obriga cada día a traballar no ámbito da promoción e da divulgación da súa obra e da do resto dos poetas e escritores cos que felizmente contamos.

Esa foi a razón pola que a casa familiar dos Curros Enríquez foi bautizada como “Casa dos Poetas” e esa é a razón pola que cada ano entregamos este premio que despois de 25 anos ten colocado o nome de Celanova na vangarda da cultura galega.

No ano 1977, Celso Emilio escribía: *“A miña patria primordial, o meu país primiceiro está en Celanova, cos seus vales namorados que a cinguen, húmedos e fecundos, anainados por ventos benévolos, sulcados por ríos cantareiros que veñen de lonxanas cumes e van camiño do mar en romería”*.

Pois ben, iso -precisamente- é o que nós queremos facer con esta xornada. Convertela nunha verdadeira “romaría literaria” que ten na Casa dos Poetas o seu torreiro da festa e que vai ter, como ides comprobar, nos actores de Sarabela e no grupo “O gaiteiro de Penalta” ós mantedores da mesma.

Pero o acto de hoxe, ademais de lembrar a Celso Emilio (asunto do que se vai encargar un dos seus mellores coñecedores, como é Ramón Nicolás) e de refrendar a nosa admiración por el (razón pola que na persoa de Luis Ferreiro está representada a familia do poeta na Fundación Curros Enríquez), tamén queremos que sirva para recoñecer a outro patrón da Fundación Curros Enríquez, como é o amigo Marcos Valcárcel, que tantas veces ten feito uso da palabra neste mesmo lugar e en quen se dá a dobre circunstancia de ser, ademais de patrón da Fundación, académico correspondente da Real Academia.

Gracias a Marcos Valcárcel coñecemos xornais como “El Correo de Celanova”, “La Voz de Celanova” ou o semanario “Adiante” (do que agora temos un exemplar que faremos público en edición facsimilar), que son voceiros da memoria de Celanova e que estaban perdidos nos estantes de distintas hemerotecas. Por iso, Marcos, e polo

teu compromiso intelectual con Celanova e cos nosos escritores, é polo que os teus compañeiros da Fundación quixemos aproveitar a xornada para facerche un sinxelo pero certamente cariñoso recoñecemento.

Sede todos benvidos, pois, a esta romaría literaria, que iniciamos coa tradicional ofrenda floral que humilde pero orgullosamente depositamos cada ano diante do monumento co que Acisclo Manzano inmortalizou ó noso Celso Emilio.

Moitas gracias.

Antonio Mouriño

XXV PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS”
DISCURSO DE INICIO DO PREMIO

O día 15 de setembro de 1951 este mesmo salón no que nos atopamos, acolleu unha solemne sesión da Real Academia Galega, naquel intre presidida por don Manuel Casás, que tivo como obxectivo o ingreso nela de dous ourensáns tan ilustres como Xoaquín Lorenzo e Xesús Ferro Couselo.

Daquela, a histórica visita da Real Academia a Celanova tivo lugar con motivo a celebración do primeiro centenario do nacemento de Manuel Curros Enríquez.

Agora, 58 anos despois, cando aínda non se apagaron os ecos da conmemoración do primeiro centenario do pasamento do poeta, no nome do pobo de Celanova tócame a min o alto honor de exercer de anfitrión desa mesma institución, agora presidida por don Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Sexan, pois, benvidos, benqueridos académicos, a este lugar onde o mundo se chama Celanova, esperando que a calor da nosa acollida poida estar á altura da que sabemos que os nosos antecesores tiveron aquel día de setembro do 51.

Quixen iniciar a miña segunda intervención con esta referencia histórica, para lembrar que a relación da Real Academia Galega con Celanova non é, nin moito menos, flor de un día, senón que ven vello. Tan de vello que, cando aínda non nacera, xa no ano 1895 o noso Patrón, Manuel Curros Enríquez, escribía, dende A Habana, textos coma este:

“Era menester, pues, (...) establecer o crear, con el concurso de todos los elementos literarios de Galicia, una autoridad soberana en asuntos lingüísticos y someterse a sus decisiones. Fundada por la cooperación colectiva, esta autoridad debía ser acatada por todos y sus deliberaciones tendrían fuerza de ley como la tienen iguales instituciones en los países cultos. Se pensó entonces en la Academia Gallega...”

Por propostas coma esta, como é ben sabido, Curros Enríquez sería nomeado o primeiro presidente da Asociación Iniciadora e Protectora da Real Academia Galega e logo, presidente de honra, unha vez os esforzos de moitos galegos de aquí e da diáspora conseguiron crear o que hoxe é xa unha realidade centenaria.

Pois ben, dende a Fundación Curros Enríquez fomos conscientes desta histórica relación (que hoxe se mantén plenamente vixente a través do noso patrón máis ilustre, o benquerido Xosé Luís Méndez Ferrín) e non quixemos deixar apagar os ecos da conmemoración dos actos do centenario do ano pasado sen reforzar esta singular circunstancia que irmanda unha pequena vila como é Celanova coa máis alta institución protectora e difusora da lingua.

Como logo se poderá ver na acta que recolle a concesión do XXV Premio “Celanova, Casa dos Poetas”, non é, a do agradecemento, a fundamental de todas elas, pois son máis que sobrados os méritos que converxen na Real Academia Galega para ser merecente deste galardón e de todos cantos se conceden en Galicia no ámbito da cultura, pois é evidente que sen idioma non hai cultura e sen cultura non hai pobo.

Sen embargo, eu, como presidente da Fundación Curros Enríquez, si que debo facer un agradecemento público que quero simbolizar no seu presidente, polo compromiso que teñen manifestado coa Casa dos Poetas e que se transformará proximamente nunha realidade evidente en forma de exposición permanente onde se poderá contemplar o groso do corpo documental que conformou a exposición do Centenario, entre o que destaca a coroa que lle foi entregada ó poeta no acto de coroación poética que lle tributou a cidade da Coruña en 1904.

A Fundación Curros Enríquez ten vocación de ser unha extensión da Real Academia no sur de Galicia e o depósito de toda esa documentación relacionada con Curros

Enríquez non vai facer outra cousa ca reforzar esa idea que estou seguro de que o poeta aplaudiría a mantenta.

Abrimos, entón, este segundo acto, esperando que a xornada de hoxe, como dixeran diante do monumento de Celso Emilio Ferreiro, constitúa un punto de inflexión no longo camiño común da promoción do galego como lingua na que expresamos as nosas emocións máis profundas.

Por iso foi polo que dende a Fundación Curros Enríquez lle concedemos o XXV Premio “Celanova, Casa dos Poetas” e a iso foi ó que ó longo de toda a súa vida se dedicaron os nosos poetas.

Moitas gracias

Antonio Mouriño

**INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA GALEGA, XOSÉ RAMÓN
BARREIRO, NO ACTO DE ENTREGA DO PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS”
(6/IX/2009)**

Señor presidente da Xunta, señor presidente da Deputación, señor alcalde; meus compañeiros da Real Academia Galega, meu querido Marcos, señores todos:

A Real Academia Galega está, unha vez máis, en Celanova, e nesta ocasión para recibir un galardón que, como presidente, recollo. E unha vez feito este acto de cortesía, eu, se fora prudente, debería rematar aquí. Pero debe ser cos anos, coa vellez, que un se vai facendo un pouco imprudente. E por iso continuo. Porque neste momento, ó falar de certas cousas dá a sensación de que somos imprudentes. Palabras, conceptos que ata fai pouco discorrían normalmente, hoxe parece que están cargadas de dinamita. É dicir, estamos nunha sociedade moi crispada. Unha sociedade moi complicada. E, sobre todo, no tema da cultura e máis en concreto no tema da lingua. E, señor presidente, a Real Academia Galega non foi quen removeu as augas.

Isto quere dicir que eu non podo desaproveitar a oportunidade para dicir que a Academia Galega non pode, sempre, gardar silencio, nin mirar para outra parte cando se toman decisións, cando se dan decretos que afectan, por suposto, á lingua e ó idioma e non se fan de acordo coa Real Academia Galega (digo a espaldas -e tamén a espaldas- da Real Academia Galega) que por norma é a responsable do coidado e do mimo, da lingua galega.

Isto xera, evidentemente, unha situación de desasosego e de nerviosismo, cando o tema lingüístico era un tema que parecía definitivamente asentado e cando os poderes públicos, eu penso que a primeira obriga que teñen (non quero dar leccións) é a de fomentar o sosego, a paz e a tranquilidade social, e non crear problemas sobre estes puntos ou sobre outros.

Eu non son quen, naturalmente, de dicirlle ó poder político cómo ten que facer as cousas. Pero como representante dunha institución que ten a responsabilidade do idioma, si teño que falar. E comprenderán vostedes que tiña que aproveitar os poucos púlpitos que ó presidente da Academia agora se lle ofrecen.

Os vinte e cinco de xullo de tódolos anos celebramos en Santiago un acto que puidéramos chamar “un rito contaxionista”. Alí van miles de persoas tocar ó Apóstolo. ¿Para qué? Pois para que ó Apóstolo lle comunique algo das súas virtudes. E eu veño aquí, hoxe, a Celanova, con ese mesmo obxectivo. Para que en Celanova, que aínda conserva a quentura da presenza, da vida, das virtudes do gran poeta Curros, se nos comunique algo desas virtudes. E eu, a ese santo laico lle pido que sigamos sendo rebeldes como el o foi. Que sigamos sendo rebeldes para loitar pola liberdade, pola democracia e pola cultura galega, unha cultura que sen a lingua é ou aparece desmedulada.

Todos -políticos, intelectuais, o pobo...-, temos a obriga de transmitir ás novas xeracións, toda, integra, a nosa cultura. Sen minorizala. Sen rebaixala. E transmitir unha cultura, significa transmitir unha lingua, que é a médula dunha cultura. Isto é o que lle pido ás autoridades aquí presentes, que tiveron a xentileza de asistir a este acto: Que sexamos capaces de transmitirle ós que veñan despois, íntegro o noso

cúmulo cultural, que hoxe é dos máis importantes de todo o Estado e incluso do mundo. E se transmitimos íntegro isto, pois isto significará que o idioma non será rebaixado nunca. E que non faremos problemas co idioma. Isto é o que se lle pide ó Apóstolo Santiago o vinte e cinco de xullo e o que pido hoxe, eu aquí. Non na casa, pero si na vila de Curros, que segue mantendo as súas virtudes.

A todos, moitas gracias.

**DISCURSO DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO DE ENTREGA DO XXV PREMIO 'CELANOVA,
CASA DOS POETAS' Á REAL ACADEMIA GALEGA (6/IX/2009)**

Miñas donas e meus señores. Amigas e amigos. Autoridades presentes:

“Investiga a realidade do teu tempo i encontrarás a túa poesía”. Poucas ideas expresan mellor que esta, o papel que os poetas e a poesía desempeñan na nosa andaina pola nosa historia.

As palabras corresponden a Celso Emilio e forman parte dese gran poemario que titulou *Longa noite de pedra*.

Galicia non é o único pobo que depositou nos seus poetas a responsabilidade de condensar sentimentos e anxeios, pero poucos pobos, poucos pobos como o noso, sentiron unha identificación tan intensa cos seus bardos e fixeron dos seus versos algo propio. É algo que se demostra con Celso Emilio. A ‘longa noite de pedra’ xa é moito máis que a cabecera dun poemario de inmenso inconformismo. Pasou a describir un tempo aciago e a ser un himno contra as ditaduras.

A orixe da expresión está na reclusión que sufriu o fillo de Celanova neste mosteiro e, sen embargo, todos os galegos sentimos que esa tamén foi a nosa noite e que a pedra que resistrou a tristura do recluso é a mesma que nós sentimos. Esa capacidade para atopar poesía na realidade, parece ser unha virtude que comparten os poetas deste lugar de Galicia que hoxe nos acolle. Cómo explicar, senón, que unha das comitivas fúnebres máis grandes e emotivas que se lembran na Coruña se fixera para despedir a Curros Enríquez.

Con motivo dunha homenaxe que os coruñeses lle fixeran, aínda en vida, Curros preguntábase polos seus méritos: “Trouxen as augas á Cruña, levei da Cruña a Santiago o ferrocarril directo, fai medio siglo agardado?. Tireivos algún trabuco dos que vos están matando?”. El non ignoraba que aquel entusiasmo pouco tiña que ver con esas reivindicacións, algunhas delas, por certo, aínda vixentes hoxe; senón que tiña razóns máis fondas. Igual que Celso Emilio, despois, igual que Rosalía, igual que tantos poetas galegos de hoxe como Méndez Ferrín, natural tamén desta vila, el fora quen de retratar a ialma dos seus e devolvela en forma de verso a unha xente que se sentía agradecida.

Aqueles galegos que lle dicían adeus a Curros fronte o mar de San Amaro sabían (antes de que Gabriel Celaya o expresara, que a poesía era a arma cargada de futuro) intuían que nestes versos que aloumiñaban o espírito, latexaba Galicia que aínda tardaría tempo en agromar porque antes de que a nosa terra tomara corpo en parlamentos e gobernos, existían os poetas e se concibía nunha institución que ten a Curros Enríquez na súa orixe.

Que a fundación que leva o seu nome premie á Real Academia Galega é un feito cheo de fermosos simbolismos. Como dicía, Galicia tivo un berce poético e atopou despois na Academia o viero cando todo o seu redor parecía negarlle a súa existencia. Parafraseando ao autor de *A Virxe do Cristal*: os pioneiros unidos na reunión recreativa e instructiva de artesanos ou os académicos instalados na sé da rúa Tabernas, non podían traer o ferrocarril, nin rebaixar os impostos, pero eran imprescindibles para que o país existira. Hoxe tamén o son, máis os cen anos que nos separan, estou certo de que os galegos deste tempo temos sentimentos semellantes aos que tiñan os miles de compatriotas que choraron a morte de Curros.

Ningún avance técnico, ningún benestar, ningún cosmopolitismo converterá en superfluo o papel da Real Academia. A Academia é depositaria da memoria e apórtalle ao presente algo que ten especial importancia nesta fase do autogoberno galego. A visión de Galicia como un país que compite unido para superar os problemas é celebrar os logros.

Celanova e A Coruña eran mundos distantes a finais do século XIX. Unha distancia física, económica e cultural as afastaba. ¿Cómo extremos tan lonxanos podían formar un só país? Pois o formaban. O formaban porque había algo que dobregaba a xeografía e facía pequenas as diferenzas. Ese algo estaba expresado nas páxinas dos poetas. A academia foi durante moito tempo o anticipo da Galicia que queríamos, plural e amigable, punto de encontro dos galegos espiritualmente libres, que soñaban cunha autonomía que servira para que as mulleres e os homes se realizasen á súa maneira, lonxe de dogmatismos e sen máis modelo que eles mesmos.

Os galegos somos hoxe o que queremos ser e somos gobernados como decidimos selo. Somos plenamente libres. Pero sería un erro pensar que a democracia galega non precisa doutros puntos de referencia, fóra de gobernos e parlamentos. Un deles está nesta Academia que tan xustamente se galardoa, aquí na Celanova que é o gran parnaso da nosa terra.

Xunto a triloxía de poderes de Montesquieu compre situar en Galicia o faro espiritual que representan os homes e mulleres adicados á nobre tarefa da creación, do pensamento e do aloumiño da nosa cultura. Este faro ten que estar sempre aceso. Ese faro ha de seguir alumeando os camiños da recuperación de todo o que nos fai ser como somos. Ese faro naceu en tempos pouco gratos como unha illa de liberdade. Esa liberdade que fai que tesouros como a lingua sexan de todos e non sirvan a ningún rudo encoro.

Na peregrinaxe que nos levou da 'longa noite de pedra' a este longo día de luz, a Real Academia Galega e os poetas que hoxe nos acompañan, coa súa lembranza fixeron dos mil ríos do noso país, un gran río chamado Galicia. A eles débeseles o nacemento do galego, é dicir, daquela muller ou home nado aquí ou acolá, en Celanova ou na miña aldea dos Peares, pero capaz de sentirse vencellado a un país común, que merecía ser proclamado tamén en común.

Dese mundo que, en palabras de Celso Emilio se chama Celanova, cómpre pasar a outro que tamén se chama Celanova e abrangue ademais a Galicia enteira. Temos democracia, temos liberdade, temos linguas para expresarnos, temos cultura para facernos sentir no mundo, temos institucións e academias levadas por homes con criterio, como Xosé Ramón Barreiro Fernández e integrada por ilustres membros, moitos deles aquí presentes.

Seguimos tendo poetas que atopan poesía na realidade e poetas da materia, como Acisclo Manzano, a quen debemos o deseño da medalla. Podemos, meus amigos, camiñar xuntos.

Gracias a todos. Noraboa á Fundación que preside o noso rexedor, Antonio Mouriño e que a poesía e a cultura inspiren sempre os nosos pasos.

Máis nada, moitas gracias.

ALBERTO NÚÑEZ FEIJOO

PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA